

Campamento Concilia 2022

“VIAXAMOS COMO TRIBUS”



Requisitos:

- Nenas e nenos de Infantil (2º ciclo) e Primaria empadroados.
- Non empadroados: confirmarase dispoñibilidade de praza.
- No caso de que o número de solicitudes exceda o número de prazas que se poidan ofertar en función da normativa sanitaria vixente no momento, procederase ao sorteo que se celebrará nas instalacións do departamento de educación o día 13 de xuño ás 10 horas.

Normas xerais de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición presencialmente nas dependencias do departamento de educación ou a través de correo electrónico (educacion@arteixo.org) do 1 ao 10 de xuño . **Deberán poñer no asunto campamento concilia 2022**
- Deberán adxuntar o impreso de solicitude e o impreso de declaración complementaria.
- Realizarase preinscrición para analizar necesidades das familias de cara á conciliación no período de verán.

- O campamento realizarase nas instalación do centro **AGARIMO**
- Unha vez que se dispoña das preinscricións, contactarase coas familias para á concreción de todos os aspectos previos ao pago do prezo público.

Servizos ofertados

- **Madrugadores** (7:15 h a 10:00 h)
- **Almorzo** (inclúe madrugadores) (7:15 h a 10:00 h)
- **Servizo de comedor** (14:00 h a 16:00 h)
- **Ludoteca** (16:00 h a 17:30 h)
- **Transporte.** (gratuito)
- Requírese nº mínimo de participantes para a posta en funcionamento dos Servizos.

Lugar de execución: Centro Agarimo

Datas de execución:

DATA	QUENDA	Nº de días
<i>23 ao 30 de xuño</i>	<i>1ª</i>	<i>5</i>
<i>1 a 15 xullo</i>	<i>2º</i>	<i>11</i>
<i>18 a 29 xullo</i>	<i>3ª</i>	<i>8</i>
<i>1 ao 12 agosto</i>	<i>4º</i>	<i>10</i>
<i>16 a 31 agosto</i>	<i>5ª</i>	<i>12</i>
<i>1 ao 7 setembro</i>	<i>6ª</i>	<i>5</i>

Prezo público: segundo o estipulado na ordenanza reguladora, sendo os custos para cada quenda os seguintes:

<u>Quenda/ servizo</u>	Madrugadores	Almorzo (inclúe madrugadores)	Campamento	Xantar	Ludoteca
1ª quenda	7,50 €	12,50 €	20,00 €	20,00 €	7,50 €
2ª Quenda	16,50 €	27,50 €	44,00 €	44,00€	16,50 €
3ª Quenda	12,00€	20,00 €	32,00 €	32,00€	12,00 €
4ª Quenda	15,00€	25,00 €	40,00 €	40,00€	15,00 €
5ª Quenda	18,00€	30,00 €	48,00 €	48,00 €	18,00€
6ª Quenda	7,50€	12,50€	20,00€	20,00€	7,50€

Temática:

"VIAXAMOS COMO TRIBUS"

Quenda	Temática
23-30 xuño	<i>Falamos das tribus?</i> Durante a primeira quenda traballaremos o que son as tribus e que significa formar parte delas. Adentrarnos no seu mundo a través de actividades e xogos que forman parte da súa vida diaria. Nos primeiros días, converterémonos nunha tribu "Apache", polo que viaxaremos a Novo México para coñecer e investigar sobre os animais e as flores silvestres que poblan estes territorios.
1-15 xullo	<i>Onde se atopa o Deserto do Sáhara?</i> Nesta quenda continuaremos a nosa viaxe e realizaremos unha parada en Marrocos para coñecer a tribu "Tuareg". Ademais coñeceremos como viven as persoas nos tipis, o seu amor polo Deserto do Sáhara, como traballan a artesanía e a súa dedicación polo comercio local. Saída: taller de barro.
18-29 xullo Inmersión lingüística	<i>Viaxamos a África?</i> Neste período, realizaremos a seguinte parada da nosa viaxe en África, para converternos en "zulues". Deste xeito, adentraremonos na súa cultura, na que prima a música, os bailes e as vestimentas de diversas cores. Así mesmo, bailaremos, recrearemos diferentes instrumentos e vestirémonos como eles. Saída: taller de artesanía.
1-12 agosto	<i>Coñecemos Kenia e Tanzania</i> A cuarta parada é en Kenia e Tanzania. Viaxaremos alí para converternos en "masais". Ademais, traballaremos mediante contos e lendas a importancia que esta tribu lle dá á amizade, á natureza, ós animais e algunha das súas costumes, pero tamén, algunhas peculiaridades como as vestimentas vermellas e a dedicación ao pastoreo. Saída: visitamos aos cabalos.
16-31 agosto Inmersión lingüística	<i>Vamos ata Botswana</i> Continuaremos a viaxe e nesta ocasión, chegaremos ata Botswana. Seremos "bosquiamanos" e atoparémonos no Deserto de Kalahari. Comezaremos aprendendo unha nova linguaxe, "os chasquidos", realizaremos pinturas rupestres, plantaremos sementes, yincanas na area do deserto e construiremos a nosa propia cova para poder vivir eses días. Saída: visitamos a granxa.
1-7 setembro	<i>A nosa tribu</i> Nesta última quenda, dedicaremos tempo a crear a nosa propia tribu. Polo que realizaremos actividades e xogos relacionados co experimentado anteriormente. Festa fin de campamento.



CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 659 144
Email: educacion@arteixo.org

As actividades do campamento realízanse en horario de 10:00 a 14:00h.

As actividades deste programa realizaranse nas instalación de Agarimo, onde se conta cos seguintes espazos:

Comedor: punto de encontro de todos os grupos a hora de entrada e de saída do centro e espazo onde se realizan os obradoiros. Servizo de madrugadores, almorzo e xantar.

Pavillón polideportivo: xogos e actividades deportivas dos grupos de primaria.

Pistas exteriores: xogos e actividades deportivas dos grupos de infantil

Campo de fútbol: xogos e actividades deportivas dos grupos de infantil e primaria.

Parque infantil: xogos e tempo de lecer cos grupos de infantil.

Zona verde: xogos e tempo de lecer cos grupos de primaria.

Aula audiovisuais: presentación das normas a todos os grupos.